

## Respostas CN 6ºB. Semana 11-15 maio

Esta tarefa non hai que entregala. Hai que correxila cando se manden as respostas.

### Tarefa 1



Identifica ao ser vivo da fotografía.

Como xustificas que é un animal?


*Trátase dun camaleón. É un ser vivo por dúas razóns:*

*-Pode desprazarse.*

*-Non é capaz de fabricar o seu propio alimento, polo que se nutre doutros seres vivos.*

### Tarefa 2

*Elabora un esquema para clasificar o reino animal dos vertebrados.*



### Tarefa 3

Escribe as características dos animais invertebrados:

<b>Eponxas</b>	<b>Celentéreos</b>	<b>Equinodermos</b>	<b>Anélidos</b>	<b>Moluscos</b>	<b>artrópodos</b>
- Son moi simples e teñen formas irregulares. -Son acuáticas e viven fixas nas rochas.	-Teñen forma de bolsa, cun orificio nun extremo, rodeado de tentáculos. -Son acuáticos.	-Teñen unhas placas duras debaixo da pel, e algúns posúen pugas. -Viven nos fondos mariños.	-Teñen o corpo alongado, brando e dividido en aneis. Non teñen patas. -A maioría son acuáticos.	-O seu corpo é mol, sen patas, e xeralmente cuberto por unha cuncha. -Case todos son acuáticos.	-Teñen un esqueleto externo con partes articuladas: patas, antenas, mandíbulas... -A maioría son terrestres.

### Tarefa 4

Responde

1. Cales son as características básicas dun organismo vexetal?

*-Non poden desprazarse, aínda que poden responder con movementos a cambios da contorna.*

*-Son capaces de fabricar o seu propio alimento.*

2 De que tres partes se compoñen as plantas con flores? Explica a función de cada parte.

**A raíz:** *É a parte que fixa a planta no solo e absorbe a auga e os sales minerais necesarios para a fotosíntese. Atópase baixo terra.*

**Talo:** *É o eixe da planta, que sostén as follas.*


*Por el circulan a auga e os sales minerais desde a raíz ata as follas e a materia orgánica elaborada na fotosíntese cara ao resto da planta.*

**As follas:** *Son os órganos onde se realiza a fotosíntese e a respiración da planta.*

*A súa superficie presenta uns buratos microscópicos, os estomas, a través dos cales circulan o osíxeno e o dióxido de carbono.*

3. Elabora un esquema no teu caderno sobre o proceso da fotosíntese. Por que é tan importante este proceso para os outros seres vivos?

*A fotosíntese das plantas é moi importante para os outros seres vivos porque nos proporcionan o osíxeno necesario para que poidamos respirar.*



4. Define, coas túas propias palabras, estes conceptos. Se é necesario, consulta un dicionario:

**Espora, clorofila, semente, estoma**

*Unha **espora** é unha célula reproductiva producida polas plantas (fungos, musgos, fentos)*

*A **clorofila** é un compoñente que utiliza a luz para encher de enerxía vital ás plantas dándolles a súa cor verde. ... Achega enerxía vital grazas ao seu proceso de fotosíntese.*

***Semente:** contido no interior do froito dunha planta e que, posto nas condicións adecuadas, xermina e dá orixe a unha nova planta da mesma especie.*

***Estomas** que son pequenos poros que se atopan situados no envés das follas na maioría das plantas. Un video para que repases a clasificación dos seres vivos.*

<https://youtu.be/SSDHO7pGcyo>